

## Cómo fracturar o mundo

**Iria Sobrino Freire**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

SOBRINO FREIRE, IRIA (2011 [2008]). “Cómo fracturar o mundo”. *Protexa*: 6, 23. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/71>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

SOBRINO FREIRE, IRIA (2008). “Cómo fracturar o mundo”. *Protexa*: 6, 23.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## CÓMO FRACTURAR O MUNDO

[RECENSIÓN DO LIBRO DE DANIEL SALGADO  
*OS POEMAS DE COMO SE ROMPE TODO*, 2007]

Iria Sobrino Freire

“Escribir é, en certo modo, fracturar o mundo (o libro) e refacelo”, dicía Roland Barthes. O último de Daniel Salgado participa desta poética. Aquí os poemas non son simple testemuño da fractura, senón os seus axentes. A escrita devén praxe: as palabras din o burato (do país), crean novos buratos, desfán (as) cousas. O resultado non é un resultado: é un seguir camiñando, deixar recado e seguir camiñando.

O libro irrompe cunha “Autopoética *in progress*”, enumeración que comeza e remata en cadanseu punto de fuga ([...]), cunha estrutura compositiva semellante á que daba forma a *Éxodo* (ver ProTexta 1, páx. 29). A xustaposición dos elementos escollidos –da historia, da vida cotiá, do pensamento político, da arte– respira por eses silencios textualizados. Poética máis do acontecer que do acontecemento, asume o seu carácter provisional, de tereiro en constante construción.

N’*Os poemas de como se rompe todo* estamos moi lonxe da concepción do poeta como médium e da poesía como palabra revelada. Neste libro, como na produción anterior do mesmo autor, o lugar da enunciación é a conciencia: conciencia de clase, conciencia de fala. A primeira noción non a vou glosar. A segunda, emprestada novamente de Barthes, refírese á condición de posibilidade para a escrita moderna, unha escrita na que se entrelazan e confunden función poética e función crítica. Esta indiferenciación entre o suxeito creador e o suxeito crítico é patente en Salgado, tamén nas súas facetas xornalística e ensaística. A escrita é unha, e o poeta, definitivamente, non é un finxidor.

Na primeira parte do libro, os textos enuncian un estado de cousas chamado *capitalismo serodio* –ese “éche o que hai” no que está instalado o país– e maniféstanse contra. Este exercicio de resistencia a uns valores naturalizados fainos lembrar aquel concepto de *desconexión* do que falaba Samir Amin, un dos autores cuxa cita significativamente inaugura o libro, ao pé doutra de Fredric Jameson. A tese do economista exipcio apunta á necesidade de que os países en vías de desenvolvemento “se desconecten” do capitalismo e abandonen o seu sistema de valores. Dicimos aquí que a escrita de Salgado nos fai lembrar este concepto non porque os textos sexan nin pretendan ser breves tratados de economía, senón porque eles mesmos se presentan como *desconectados* da ideoloxía dominante. E, igual que naquel *m-Talá* de Chus Pato, denotan unha clara conciencia que se converte en denuncia dos “intentos do capital por privatizar a lingua”.

Na segunda parte, a intimidade constitúe o universo referencial dos poemas. Nun tempo no que as emocións tamén se converten en mercancía, nesta sociedade do impudor, non resulta casual o tratamento que reciben aquí. En consonancia con ese principio de desco-

nexión dos valores capitalistas, e en virtude tamén dun claro rexeitamento da lírica, o íntimo aparece coma quen que non, camiñando nos bicos dos pés. A ironía, a sensibilidade, o antisentimentalismo, a intelixencia, todo conspira para que a palabra, definitivamente, non se poña idiota. Para, unha vez máis, dar cabo dos clixés.